

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2017 DE OURENSE

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca o Concurso de Comparsas así como a Elección do Rei/Raíña do Entroido 2017, de acordo coas seguintes bases:

1. A participación implica a aceptación das presentes bases e está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais ou xuvenís, grupos, colexios, etc. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan no desenvolvemento do Entroido serán resoltas pola Concellaría de Cultura.
2. O desfile terá lugar o domingo 26 de febreiro e o percorrido, hora e lugar de saída anunciaranse oportunamente nos medios de comunicación e ás persoas e colectivos participantes.
3. Na elección do Rei/Raíña do Entroido, valorado por un xurado nomeado para tal efecto, terase en conta a orixinalidade, a chispa diante do público, o vestiario e a creatividade. A participación está aberta a calquera persoa que o desexe, sempre que sexa maior de idade.
4. O concurso de comparsas e carrozas terá un xurado composto por un representante da Concellaría de Cultura, un representante veciñal e persoeiros do mundo da Cultura, do deseño, da imaxe ou da comunicación. Este xurado poderá descualificar aqueles participantes que non reúnan a calidade necesaria, quedando estes sen dereito a premio e axuda.
5. Para este concurso establécense os seguintes **premios por categorías** (aos cales, por conta do/a beneficiario/a, deberáselles aplicar o desconto correspondente que marca a Lei). É imprescindible facilitar a ficha de terceiros no prazo dos 10 días hábiles seguintes á notificación do premio. De non ser así, entenderase que o/a agraciado/a renuncia ao premio.

Rei / Raíña 600 €

Comparsas con máis de 10 compoñentes.-

1º premio 900 €
2º premio 700 €
3º premio 500 €

Comparsas con menos de 10 compoñentes.-

1º premio 400 €
2º premio 300 €
3º premio 200 €

Especiais Comparsas.-

A máis numerosa 300 €
A máis ocorrente ou graciosa 300 €
Mellor animación / musical 300 €

Carrozas.-

Mellor deseño 300 €
Mellor animación 300 €

6. Tamén haberá axudas para todos os participantes que completen o desfile e non acaden ningún premio, segundo os seguintes criterios:

Carrozas.-

Para cada unha delas 120 €

Comparsas.-

de 5 a 9 compoñentes 60 €



CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2
32004 - OURENSE

Tlf.: 988 39 1290

de 10 a 19 compoñentes	90 €
de 20 a 29 compoñentes	120 €
de 30 a 39 compoñentes	150 €
de 40 a 49 compoñentes	180 €
de 50 compoñentes en adiante	210 €

Baseado na experiencia de anos anteriores, o xurado poderá declarar deserto algún dos anteriores premios e destinar esa contía económica a crear un ou varios accésits nalgunha categoría prevista.

7. As inscricións das carrozas e/ou comparsas faranse a través do Rexistro Xeral do Concello e mediante os modelos de inscrición oficiais que se achegan (poderán descargarse dende www.ourense.gal, www.ourensecultura.es ou na concellería de Cultura).

As do Rei / Raíña poderanse facer con antelación ou o mesmo día (domingo 26 de febreiro) na Praza Maior.

8. O prazo improrrogable de inscricións de comparsas remata o martes 21 de febreiro ás 14h.

9. A participación nestes concursos leva implícita

- A aceptación das presentes bases.
- A asistencia ao acto de entrega de premios o Domingo de Entroido e a presenza de, polo menos, dous compoñentes de cada comparsa/carroza no Enterro da Sardiña o mércores 1 de marzo, será imprescindible para percibir, no seu caso, o premio económico.
- Os/As participantes que reciban premio non terán dereito á axuda por participación.
- O mesmo colectivo non poderá recibir axuda ao mesmo tempo por carroza e por comparsa, debendo optar por unha das dúas.
- Non se considerará carroza un vehículo ou unha moto.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. O interesado poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a cultura@ourense.es ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (rúa da Canle 2, CP 32005 Ourense).

Ourense, 11 de xaneiro de 2017



Concello de
OURENSE
Cultura

CONCELLERÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2
32004 - OURENSE

Tlf.: 988 391 290

**Impreso inscrición
Comparsas Entroido 2017**

Datos solicitante

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

Nome da vía: _____ Núm. _____ Piso: _____ Porta: _____

CP: _____ Localidade: _____ Tlf.: _____ E-mail: _____

Solicita inscribirse no concurso de Comparsas Entroido 2017:

Datos da Comparsa

Nome	Carroza (tipo e medidas)
Música	Núm. de compoñentes

Datos fiscais

Nome e apelidos / Razón social	DNI / CIF
--------------------------------	-----------

Observacións

Ourense, ____ de _____ de 2017
Sinatura

Concello de Ourense
Concellería de Cultura



Concello de
OURENSE
Cultura

CONCELLERÍA DE CULTURA

Rúa da Canle 2
32004 - OURENSE

Tlf.: 988 391 290

**Impreso inscrición
Rei/Raíña Entroido 2017**

Datos solicitante

Nome e apelidos: _____ NIF: _____

Nome da vía: _____ Núm. _____ Piso: _____ Porta: _____

CP: _____ Localidade: _____ Tlf.: _____ E-mail: _____

Solicita inscribirse no concurso de Rei/Raíña Entroido 2017:

Datos do traxe

Nome	Materiais do que está feito
Descrición do traxe	Nome do deseñador

Ourense, ____ de _____ de 2017
Sinatura



ANEXO III

SOLICITUDE DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCEIRO E PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA

SOLICITUD DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCERO Y PAGO POR TRANSFERENCIA

DATOS DO/A INTERESADO/A

(A encher polo/a interesado/a)

DATOS DEL/DE LA INTERESADA

(A rellenar por el/la interesado/a)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL/NOMBRE Y APELLIDOS O RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

VÍA PÚBLICA, Nº, ANDAR/PISO, PORTA/PUERTA:

LOCALIDADE/LOCALIDAD:

CÓDIGO POSTAL:

PROVINCIA:

TELÉFONO:

FAX:

NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE/NOMBRE Y APELLIDOS DEL/DE LA REPRESENTANTE:

NIF:

TELÉFONO:

Data/Fecha:

Conforme: O/A TERCEIRO/A

Asdo/Fdo.:

DATOS BANCARIOS

(A cubrir pola Entidade Financeira)

DATOS BANCARIOS

(A cubrir por la Entidad Financiera)

ENTIDADE FINANCEIRA (Banco ou Caixa)/ENTIDAD FINANCIERA:

SUCURSAL:

VÍA PÚBLICA:

Nº

LOCALIDADE/LOCALIDAD:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

PAIS	Nº CONTROL	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	Nº DE CONTA/Nº DE CUENTA

Data/Fecha:

Certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta Entidade a nome do/a interesado/a arriba mencionado/a:
Certificamos que la cuenta señalada figura abierta en esta entidad a nombre del/de la interesado/a arriba mencionado/a:
(Sinatura e selo da Entidade Financeira)
(Sinatura y sello de la Entidad Financiera)

De conformidade co disposto na Lei de Protección de Datos (L.O.15/1999), os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O/A titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da Lei, dirixíndose ó Excmo. Concello de Ourense. / De conformidad con lo dispuesto en la Ley de Protección de Datos (L.O. 15/1999) los datos de carácter personal, recogidos en este impreso, serán incorporados a un fichero automatizado con la exclusiva finalidad de su uso en este Ayuntamiento. El/la titular de los mismos podrá ejercer su derecho de rectificación o cancelación en los términos de la Ley dirigiéndose al Excmo. Ayuntamiento de Ourense